A acreditación da experiencia profesional realizarase mediante a presentación de Certificado de Servizos Prestados emitido polas administracións públicas e polos contratos de traballo, informe de vida laboral, de acordo coa base 5º das bases xerais. A non presentación dos documentos que se sinalan, suporá a non valoración do mérito alegado.

En caso de contratación a tempo parcial valoraranse os servizos prestados de forma proporcional.

2) Formación : Máximo 4 puntos. Puntuaranse as accións formativas relacionadas co posto obxecto da convocatoria. Polo tanto, cursos relacionados coa actividade e tarefas do posto de traballo a desenvolver impartidos por unha administración ou entidade pública ou homologadas por elas (neste último caso deberá constar expresamente no título tal homologación para que poidan ser valorados). Só se valorarán os cursos relacionados con prevención e extinción de incendios, manexo de vehículos e maquinaria (ámbolos dous en materia de prevención e extinción de incendios) e prevención de riscos laborais xenéricos ou relacionados directamente co sector obxecto da convocatoria.

- Cursos de duración de ata 35 horas: 0,25 puntos
- Cursos de máis de 35 horas e ata 59 horas: 0,50 puntos.
- Cursos de máis de 59 horas e ata 120 horas: 0,75 puntos

- Cursos de máis de 120 horas: 1,00 puntos.
- 3) Por estar en posesión do carné de conducir C.0,50 puntos.
- 4) Por ser voluntario activo dunha agrupación de Protección civil, debidamente acreditado 0,50 puntos.

En caso de empate na fase de concurso, estarase ao disposto no artigo 44 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

- PROBA DE APTITUDE FÍSICA

Exercicio: proba de aptitude física (carácter eliminatorio):

O persoal seleccionado, previamente á súa contratación, deberá realizar un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir a súas condicións de saúde para o traballo a realizar, de conformidade co establecido no convenio de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de CHANTADA para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa. É obrigatorio superar tanto o recoñecemento médico como a proba de esforzo físico.

Tamén se terá que realizar un Curso teórico-práctico de 16 horas de formación sobre prevención e defensa contra incendios forestais, que é obrigatorio realizar cada ano.

ANEXO VI. BASES ESPECÍFICAS DO POSTOS/EMPREGOS DENOMINADOS 3 PRAZAS DE PEÓNS

1.- Obxecto da convocatoria: é obxecto das presentes bases a contratación de tres prazas de peóns no Concello de Chantada, persoal laboral temporal, mediante concurso-oposición, dentro do marco dos convenios interadministrativos de colaboración subscritos entre a Consellería do Medio Rural e este Municipio, para acción de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2024 cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) dentro da submedida 8.3 “*axuda para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, , desastres naturais e catástrofes* do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) 2014-2020.

A contratación deberá finalizar na data prevista nos termos do Convenio de colaboración citado.

2.- Relación xurídica co Concello: Persoal laboral temporal.

* PEÓN

CONCEPTO	IMPORTE MENSUAL
Salario bruto mensual.	1134,00 €
P.P. paga extra.	189,00 €
Total salario bruto mensual	1.323,00 €
Seguridade social mensual.	466,75 €
Indemnización fin de contrato.	132,30 €

Modalidade do contrato. Xornada de traballo:

A modalidade do contrato é de duración determinada, vinculado a programas financiados con fondos europeos.

A xornada de traballo será de 37,5 horas semanais, de luns a domingo. Os traballos a realizar son a quendas, incluídos sábados, domingos e festivos e festas locais debendo contar os traballadores con plena dispoñibilidade.

As vacacións e o horario, que poderá ser partido en xornada de mañá, tarde e noite, e de luns a domingo, adaptaranse ás necesidades do servizo.

3.- Funcións: As correspondentes e propias dun peón de brigada establecidas no convenio de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio rural e o Concello de Chantada para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de unha brigada de cinco compoñentes e, no seu caso, as asinadas polo Alcalde da Corporación ou concellería delegada.

4.- Requisitos imprescindibles: Celga 2 ou equivalente.

Se non se pode acreditar este requisito concreto, poderase acceder ó proceso selectivo, pero será necesario superar a realización dunha proba de lingua galega, nos termos sinalados no apartado da fase de oposición.

5.- Titulación requirida. certificado de escolaridade, EXB, ESO, técnico en traballos forestais ou conservación do medio natural ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

6.- Requisitos específicos. Non se exigen.

7.- Baremo do sistema selectivo: O sistema de selección será o de concurso-oposición, e constará de dúas fases:

D) Fase de oposición. De carácter eliminatoria.

E) Fase de concurso. A valoración das condicións de formación, méritos ou niveis de experiencia non supoñerá máis dun corenta por cento da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo, tal coma sinala o artigo 56 da Lei 2/2015, de 29 de abril.

F) roba de aptitude física (carácter eliminatorio). Que será realizada polo mesmo tribunal da fase de oposición e fase de concurso.

- FASE DE OPOSICIÓN 20 puntos. Consistirá na realización de dous exercicios que serán cualificados de 0 a 10 puntos sendo necesario obter unha cualificación mínima de 5 puntos cada un para superala sendo cada un deles obrigatorio e eliminatorio.

O primeiro exercicio que puntuará como máximo 10 puntos. Consistirá en contestar por escrito nun tempo máximo de 20 minutos a un exame tipo test de 10 preguntas e varias opcións de resposta onde soamente unha é válida. Cada resposta correcta outorga 1 punto, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a proba. As respostas en branco ou mal contestadas non restan sobre a puntuación total.

As preguntas versarán sobre os temas que se expoñen no Anexo III, en función da praza á que se aspire, das presentes Bases.

O segundo exercicio consistirá en contestar de forma oral un ou varios exercicios prácticos e/ou teórico prácticos propostos polo tribunal relacionadas co programa específico reflectido no anexo III que contén o temario da convocatoria. Valorarase a concreción, exactitude e a validez de resolución. O tribunal poderá dialogar e razoar co aspirante analizando o contido das súas respostas e relacionado dito contido con outros incluídos dentro do programa. Sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a proba. Puntuará como **máximo 10 puntos**.

Exercicio de proba de galego.

Común e obrigatorio para aqueles candidatos/as que non poidan acreditar o coñecemento do galego no nivel CELGA 2 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos do niveis de coñecemento da lingua galega (publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo).

Os candidatos que se atopen na circunstancia anterior deberán someterse a un exame de tradución dun texto do castelán ó galego..

Esta proba terá unha duración máxima de 20 minutos, e será realizada o mesmo día asignado para as outras probas da fase práctica.

Este exercicio valorarase como APTO ou NON APTO, sendo necesario para superalo obter o resultado de APTO. O tribunal decidirá o nivel preciso para acadar o resultado de apto.

- FASE DE CONCURSO. Non ten carácter eliminatorio.

O tribunal valorará os méritos alegados polos/as candidatos/as presentados/as que superaran a fase de oposición.

Puntuarase **cun máximo de 10 puntos, de acordo coa seguinte distribución.**

1.- Experiencia profesional. Máximo 5 puntos.

- Por servizos prestados en calquera Administración Pública en postos de iguais características ou similares, 0,20 puntos por cada mes de servizo.
- Por servizos prestados en calquera Empresa Privada en postos de iguais características ou similares, 0,10 puntos por cada mes de servizo.

A acreditación da experiencia profesional realizarase mediante a presentación de Certificado de Servizos Prestados emitido polas administracións públicas e polos contratos de traballo, informe de vida laboral, de acordo coa base 5º das bases xerais. A non presentación dos documentos que se sinalan, suporá a non valoración do mérito alegado.

En caso de contratación a tempo parcial valoraranse os servizos prestados de forma proporcional.

2.- Formación : Máximo 4 puntos. Puntuaranse as accións formativas relacionadas co posto obxecto da convocatoria. Polo tanto, cursos relacionados coa actividade e tarefas do posto de traballo a desenvolver impartidos por unha administración ou entidade pública ou homologadas por elas (neste último caso deberá

constar expresamente no título tal homologación para que poidan ser valorados). Só se valorarán os cursos relacionados con prevención e extinción de incendios, manexo de vehículos e maquinaria (ámbolos dous en materia de prevención e extinción de incendios) e prevención de riscos laborais xenéricos ou relacionados directamente co sector obxecto da convocatoria.

- Cursos de duración de ata 35 horas: 0,25 puntos
- Cursos de máis de 35 horas e ata 59 horas: 0,50 puntos.
- Cursos de máis de 59 horas e ata 120 horas: 0,75 puntos
- Cursos de máis de 120 horas: 1,00 puntos.

3) Por estar en posesión do carné de conducir B.0,50 puntos.

4) Por ser voluntario activo dunha agrupación de Protección civil, debidamente acreditado 0,50 puntos.

En caso de empate na fase de concurso, estarase ao disposto no artigo 44 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

- PROBA DE APTITUDE FÍSICA

Exercicio: proba de aptitude física (carácter eliminatorio):

O persoal seleccionado, previamente á súa contratación, deberá realizar un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir a súas condicións de saúde para o traballo a realizar, de conformidade co establecido no convenio de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de CHANTADA para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa. É obrigatorio superar tanto o recoñecemento médico como a proba de esforzo físico.

Tamén se terá que realizar un Curso teórico-práctico de 16 horas de formación sobre prevención e defensa contra incendios forestais, que é obrigatorio realizar cada ano.

Chantada, 3 de xuño de 2024.- O Alcalde, Manuel L. Varela Rodríguez.

ANEXO VII. MODELO DE INSTANCIA

D./D^a _____,
con DNI núm. _____, número de teléfono _____, con domicilio a estes efectos en _____,
expón:

Que, unha vez informado/a da convocatoria feita polo Concello de Chantada para cubrir, como persoal laboral de duración determinada, unha praza sinalada con unha (X):

Xefe de brigada

Peón condutor

Peón

Tendo en conta que reúne os requisitos previstos nas bases da convocatoria, solicita participar no proceso selectivo para o que achego a documentación sinalada con unha (X):

- Copia cotexada da titulación esixida.
- Copia cotexada do título de galego.
- Copia compulsada do DNI ou documento que proceda no suposto de estranxeiros.
- Copia cotexada do carné de conducir, se procede
- Declaración responsable
- Documentación acreditativa dos méritos alegados (vida laboral, contratos, certificados de empresa, cursos...)

En _____, a _____ de _____ de 2024,

O/A Solicitante

Asdo. _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CHANTADA

ANEXO VIII. MODELO DE DECLARACIÓN XURADA

D./D^a _____,
con DNI núm. _____, número de teléfono _____, con domicilio a estes efectos en _____,
e dirección de correo electrónico _____,

DECLARA baixo xuramento ou promete, aos efectos de ser admitido/a no proceso selectivo para o ingreso na lista previa na categoría de:

- Xefe de brigada,
- Peón condutor
- Peón

convocada polo Concello de Chantada e, no seu caso, aos efectos da formalización do correspondente contrato de traballo, que:

- A) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
No caso do persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.
- B) Non atoparse incurso/a nas causas de incapacidade previstas na lexislación vixente.
- C) Cumpro os requisitos esixidos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
- D) Declaro formalmente non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co normal desenvolvemento das súas funcións.

En _____, a _____ de _____ de 2024.

O/A Solicitante

Asdo. _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CHANTADA

LUGO

Anuncio

Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo en sesión ordinaria celebrada o 29 de maio de 2024 adoptou, entre outros, o acordo 6/239 NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS/AS DE CARREIRA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO NA CATEGORÍA DE ADMINISTRATIVO/A (GRUPO C - Subgrupo C1; ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL; SUBESCALA ADMINISTRATIVA), na parte dispositiva do cal se fai constar:

“PRIMEIRO.- Nomear a dona María Ángeles Rico Méndez, DNI ***0669**, como funcionaria de carreira para desempeñar a praza de administrativa, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de promoción interna (grupo de titulación: grupo C (subgrupo C1); escala: administración xeral; subescala: administrativa), ocupando o posto cód. 61/20/1 (administrativo/a Intervención Xeral)

SEGUNDO.- Nomear a dona María del Pilar Rodríguez Paderne, DNI ***5446**, como funcionaria de carreira para desempeñar a praza de administrativa, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de promoción interna (grupo de titulación: grupo C (subgrupo C1); escala: administración xeral; subescala: administrativa), ocupando o posto cód. 21/20 (administrativo/a de Planeamento).

TERCEIRO.- Nomear a dona María José López López, DNI ***3583**, como funcionaria de carreira para desempeñar a praza de administrativa, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de promoción interna, (grupo de titulación: grupo C (subgrupo C1); escala: administración xeral; subescala: administrativa), ocupando o posto cód. 31/20 (administrativo/a enxeñaría).

CUARTO.- Nomear a don Blas Torrón Folgueira, DNI ***4027**, como funcionario de carreira para desempeñar a praza de administrativo, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de promoción interna (grupo de titulación: grupo C (subgrupo C1); escala: administración xeral; subescala: administrativa), ocupando o posto cód. 64/20 (administrativo/a órgano de Orzamentación e Contabilidade).

QUINTO.- Nomear a dona María Jesús Longarela Ceide, DNI ***2738**, como funcionaria de carreira para desempeñar a praza de administrativa, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de promoción interna (grupo de titulación: grupo C (subgrupo C1); escala: administración xeral; subescala: administrativa), ocupando o posto cód. 3103/20 (administrativo/a electromecánicos).

SEXTO.- Nomear a don Iván Pombo Gallego, DNI ***3400**, como funcionario de carreira para desempeñar a praza de administrativo, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de promoción interna (grupo de titulación: grupo C (subgrupo C1); escala: administración xeral; subescala: administrativa), ocupando o posto cód. 05/20 (administrativo/a Fomento).

SÉTIMO.- Nomear a dona Concepción López López, DNI ***6003**, como funcionaria de carreira para desempeñar a praza de administrativa, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de promoción interna (grupo de titulación: grupo C (subgrupo C1); escala: administración xeral; subescala: administrativa), ocupando o posto cód. 43/20 (administrativo/a Educación).

OITAVO.- Notificarlles o acordado ás/aos interesadas/os, coa advertencia que deberán tomar posesión no prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento.

NOVENO.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que este acto pon fin á vía administrativa, e que contra este se poden interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación deste acordo.

- Recurso contencioso-administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación deste acordo, ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.”

Lugo, 3 de xuño de 2024.- O Tenente de Alcaldesa Delegado da Area de Xestión integral de Recursos Internos, Ángel Pablo Permy Villanueva.

Anuncio

En virtude do artigo 220.2.c) do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei do solo de Galicia, faise público o acordo de aprobación definitiva "2/209 Proxecto de obras ordinarias para obras de mellora de accesibilidade en Río Narla, 50", adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 15 de maio de 2024, cuxa parte dispositiva, establece, entre outros extremos, o seguinte:

"PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente, de conformidade co establecido nos artigos 96 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 226 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu regulamento de desenvolvemento, o PROXECTO DE OBRAS ORDINARIAS PARA OBRAS DE MEJORA DE ACCESIBILIDAD EN RÍO NARLA, 50, subscrito polo arquitecto don Luís Díaz Díaz, cun presuposto de execución material de 10.708,76 €, de conformidade cos informes emitidos polos servizos de Arqueoloxía do 3 de abril de 2023, de Enxeñería do 15 de abril de 2023 e de Arquitectura do 15 de decembro de 2023, e que se dan por reproducidas como parte integrante deste acordo.

SEGUNDO.- Determínanse como condicionantes da aprobación deste proxecto, que deberán ser cumpridos polo interesado durante a execución das referidas obras, as descritas nos informes dos servizos de Arqueoloxía do 3 de abril de 2023, de Enxeñería do 15 de abril de 2023 e de Arquitectura do 15 de decembro de 2023, anteriormente transcritos, e así mesmo, os seguintes:

- O prazo de execución deste proxecto será de 3 MESES, contados dende a notificación da súa aprobación definitiva.
- Determínase como período de garantía das obras de urbanización que se executen ao abeiro deste proxecto o **dun ano**, contado dende a recepción polo Concello destas.
- Deberá comunicárselles o inicio das obras ao Servizo de Enxeñería Municipal, así como á Policía Local, para o oportuno seguimento delas.
- Requiririlles aos interesados para que unha vez aprobado definitivamente o devandito proxecto presenten neste Concello, con carácter previo ao inicio das obras, e en todo caso no prazo máximo de seis meses, fianza polo importe de 1.070,88 €, correspondente ao 10 % do presuposto de execución material, que ascende á cantidade de 8.200,00 €, de conformidade co previsto no artigo 96.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e no artigo 230 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia.

TERCEIRO.- Publicar o acordo de aprobación definitiva do proxecto de obras ordinarias "Proxecto de obras ordinarias para obras de mellora de accesibilidade en Río Narla, 50", no Boletín Oficial da Provincia, e isto en virtude do artigo 220.2.c) do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei do solo de Galicia.

CUARTO.- Notifíqueselles esta resolución aos interesados, coa indicación de que esta pon fin a vía administrativa e de que contra ela pode interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo, nun prazo de **dous meses**, contados dende o día seguinte ao da notificación deste acto, ante o xulgado da dita xurisdición de Lugo (artigo 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa), así como as demais accións legais que estime pertinentes.
- Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo de **un mes**, contado dende o día seguinte ao da notificación deste acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a esestimación presunta do devandito recurso de reposición (artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas)."

Lugo, 23 de maio de 2024.- A Alcaldesa. P.D. O Director Xeral de Urbanismo, (Decreto 1727/2024, do 27 de febreiro), don Hipólito Pérez Novo.

R. 1595

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

El Pleno del Ayuntamiento de Monforte de Lemos, en su sesión ordinaria celebrada el día 27.05.2024 acordó:

Primeiro.- **Incoar** expediente de mutación demanial subjetiva a favor del Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF) de la finca siguiente:

- Camino público sin referencia catastral, identificado con el número de orden Y-27.0312-0158 dentro del expediente de expropiaciones para la ejecución de las obras de “Supresión de los pasos a nivel de los PPKK 361/620 y 361/845 de la línea León – A Coruña. T.M. Monforte de Lemos”.

Segundo.- **Incoar** expediente de mutación demanial subjetiva a favor del Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF) de la finca siguiente:

- Camino público sin referencia catastral, identificado con el número de orden Y-27.0312-0152 dentro del expediente de expropiaciones para la ejecución de las obras de “Supresión de los pasos a nivel de los PPKK 361/620 y 361/845 de la línea León – A Coruña. T.M. Monforte de Lemos”,

Lo que se somete a información pública, mediante anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia y tablón de edictos del Ayuntamiento por el plazo de quince días, con base en el o dispuesto en el artículo art. 110.1.f del Real Decreto 1372/1986, de 13 de junio, por el que se aprueba el Reglamento de Bienes de las Entidades Locales.

Monforte de Lemos, 5 de junio de 2024.- EL ALCALDE, José Tomé Roca.

R. 1631

OUROL

Anuncio

LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS DO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA DE UNHA PRAZA DENOMINADA ARQUITECTO/A MUNICIPAL CORRESPONDENTE ÁS PRAZAS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN DO CONCELLO DE OUROL, E INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PUBLICO EXTRAORDINARIA DA LEI 20/2021.

Por Decreto de Alcaldía nº 2024-0161 de data de 05/06/2024 apróbase a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, composición do Tribunal Cualificador e datas de celebración do proceso selectivo convocado para a provisión como persoal funcionario de carreira de unha praza denominada Arquitecto/a Municipal correspondente ás prazas de estabilización de emprego temporal de longa duración do Concello de Oourol, e incluída na oferta de emprego pública extraordinaria da Lei 20/2021:

Visto que en data 06/02/2024 ditouse pola Alcaldía resolución nº 2024-0033 de aprobación da listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas ao respecto do proceso selectivo convocado para o ingreso como persoal funcionario de carreira de unha praza de ARQUITECTO/A MUNICIPAL, grupo/subgrupo A/A1, polo sistema de concurso, incluída na oferta extraordinaria de emprego público (OEP) do Concello de Oourol para o ano 2022 para a estabilización de emprego temporal, publicándose no BOP de Lugo nº 037 de 14/02/2024, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Oourol.

Visto que durante o prazo de cinco (5) días hábiles para a presentación de alegacións á listaxe provisional e emenda de defectos non se presentou ningunha alegación, de conformidade co establecido na base 7ª das bases xerais que regulan o proceso selectivo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo convocado para o ingreso como persoal funcionario de carreira de unha praza de ARQUITECTO/A MUNICIPAL:

A.- PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:

Apelidos e Nome	DNI	Proba de Galego
Perez Pereiras Susana	***9521**	EXENTA

B.- PERSOAS ASPIRANTES EXCLUÍDAS:

Apelidos e Nome	DNI	Proba de Galego	Causa exclusión
Pena Basanta Elena	***8032**	EXENTA	Non achega Anexo I (modelo de solicitude) Non achega acreditación pago taxas A totalidade da documentación presentada non é orixinal – con código de verificación, nin copia electrónica auténtica, nin copia compulsada

Peña Vargas Anabel	***9125**	EXENTA	A totalidade da documentación presentada non é orixinal - con código de verificación, nin copia electrónica auténtica, nin copia compulsada
Rodríguez Fabello Antonio	***6806**	EXENTO	Presentación fora de prazo

Segundo.- Designar ás persoas que formarán parte do Tribunal Cualificador que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTE:

Titular: Don Emilio Silva Otero, asesor técnico no Servizo de RRHH e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Ramón Gallego Fernández, psicólogo na Sección de Selección, Promoción e Carreira no Servizo de Recursos Humanos e Asistencia Concellos da Deputación de Lugo.

VOGAIS:

Titular: Dona Mónica Marras Mosquera, xefa do Servizo de Arquitectura da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Ana Belén Mera Arias, técnica superior de edificacións e obras na Unidade de Proxectos da Deputación de Lugo.

Titular: Don Héctor Diéguez Aranda, enxeñeiro de camiños, canles e portos, adxunto ao xefe do Servizo de Vías e Obras da Deputación de Lugo (982 265 965 - h.dieguez@deputacionlugo.org).

Suplente: Don Darío Ferreiro Otero, Enxeñeiro Camiños, Canles e Portos, adxunto ao xefe do Servizo no Servizo de Vías e Obras da Deputación de Lugo.

Titular: Don Luis Fernández Reija, xefe da Sección de Medio Ambiente no Servizo de Medio Ambiente da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Antonio Mondelo Rodríguez, xefe do Servizo de Expropiación e Control de Proxectos da Deputación de Lugo.

SECRETARIO/A:

Titular: Don José Ferreiro Fernández, tesoureiro da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Montserrat Conde López, secretaria - interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

COLABORADORA:

Dona Ana Losada Real, xefa da Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo no Servizo de Recursos Humanos e Asistencia Concellos da Deputación de Lugo ou Dona Ana Pereira Marzán, responsable coordinadora de procesos selectivos da Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

Terceiro.- Citar ás persoas que forman parte do Tribunal Cualificador para que comparezan o día 11 de xuño de 2024 ás 09:30 horas nas Aulas de Formación da Deputación de Lugo para a súa constitución e posterior valoración de méritos das persoas aspirantes admitidas.

Cuarto.- Publicar esta Resolución mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) e no taboleiro de anuncios e sede electrónica do Concello de Ourense.

Quinto.- Contra a resolución da Alcaldía, aprobando a lista definitiva, poderase interpoñer, alternativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso administrativo de Lugo no prazo de dous meses, segundo os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición contencioso-administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio. Todo isto, sen prexuízo de que os/as interesados/as poidan interpor calquera outro recurso que estimen oportuno.

Ourense, 5 de xuño de 2024.- O Alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 1632

Anuncio

LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS DO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO COMO PERSOAL LABORAL FIXO DE UNHA PRAZA DENOMINADA ENXEÑEIRO/A DE MONTES CORRESPONDENTE ÁS PRAZAS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN DO CONCELLO DE OUROL, E INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DA LEI 20/2021.

Por Decreto de Alcaldía nº 2024-0173 de data de 05/06/2024 apróbase a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, composición do Tribunal Cualificador e datas de celebración do proceso selectivo convocado para a provisión como persoal laboral fixo de unha praza denominada Enxeñeiro/a de Montes correspondente ás prazas de estabilización de emprego temporal de longa duración do Concello de Oroul, e incluída na oferta de emprego pública extraordinaria da Lei 20/2021:

Visto que en data 06/02/2024 ditouse pola Alcaldía resolución nº 2024-0037 de aprobación da listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas ao respecto do proceso selectivo convocado para o ingreso como persoal laboral fixo de unha praza de ENXEÑEIRO/A DE MONTES, grupo/subgrupo A/A1, polo sistema de concurso, incluída na oferta extraordinaria de emprego público (OEP) do Concello de Oroul para o ano 2022 para a estabilización de emprego temporal, publicándose no BOP de Lugo nº 037 de 14/02/2024, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Oroul.

Visto que durante o prazo de cinco (5) días hábiles para a presentación de alegacións á listaxe provisional e emenda de defectos non se presentou ningunha alegación, de conformidade co establecido na base 7ª das bases xerais que regulan o proceso selectivo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo convocado para o ingreso como persoal laboral fixo de unha praza de ENXEÑEIRO/A DE MONTES:

A.- PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:

Apelidos e Nome	DNI	Proba de Galego
Manín Castro María Goretti	***9602**	EXENTA

B.- PERSOAS ASPIRANTES EXCLUÍDAS: Ninguén.

Segundo.- Designar ás persoas que formarán parte do Tribunal Cualificador que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTE:

Titular: Don Emilio Silva Otero, asesor técnico no Servizo de RRHH e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Ramón Gallego Fernández, psicólogo na Sección de Selección, Promoción e Carreira no Servizo de Recursos Humanos e Asistencia Concellos da Deputación de Lugo.

VOGAIS:

Titular: Dona Mónica Marras Mosquera, xefa do Servizo de Arquitectura da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Ana Belén Mera Arias, técnica superior de edificacións e obras na Unidade de Proxectos da Deputación de Lugo.

Titular: Don Héctor Diéguez Aranda, enxeñeiro de camiños, canles e portos, adxunto ao xefe do Servizo de Vías e Obras da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Darío Ferreiro Otero, Enxeñeiro Camiños, Canles e Portos, adxunto ao xefe do Servizo no Servizo de Vías e Obras da Deputación de Lugo.

Titular: Don Luis Fernández Reija, xefe da Sección de Medio Ambiente no Servizo de Medio Ambiente da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Antonio Mondelo Rodríguez, xefe do Servizo de Expropiación e Control de Proxectos da Deputación de Lugo.

SECRETARIO/A:

Titular: Don José Ferreiro Fernández, tesoureiro da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Montserrat Conde López, secretaria - interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

COLABORADORA:

Dona Ana Losada Real, xefa da Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo no Servizo de Recursos Humanos e Asistencia Concellos da Deputación de Lugo ou Dona Ana Pereira Marzán, responsable coordinadora de procesos selectivos da Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

Terceiro.- Citar ás persoas que forman parte do Tribunal Cualificador para que comparezan o día 11 de xuño de 2024 ás 10:30 horas nas Aulas de Formación da Deputación de Lugo para a súa constitución e posterior valoración de méritos das persoas aspirantes admitidas.

Cuarto.- Publicar esta Resolución mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) e no taboleiro de anuncios e sede electrónica do Concello de Oourol.

Quinto.- Contra a resolución da Alcaldía, aprobando a lista definitiva, poderase interpoñer, alternativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso administrativo de Lugo no prazo de dous meses, segundo os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición contencioso-administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio. Todo isto, sen prexuízo de que os/as interesados/as poidan interpor calquera outro recurso que estimen oportuno.

Ourol, 5 de xuño de 2024.- O Alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 1633

Anuncio

LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS DO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO COMO PERSOAL LABORAL FIXO DE UNHA PRAZA DENOMINADA TÉCNICO/A DE SERVIZOS XERAIS CORRESPONDENTE ÁS PRAZAS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN DO CONCELLO DE OUROL, E INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DA LEI 20/2021.

Por Decreto de Alcaldía nº 2024-0172 de data de 05/06/2024 apróbase a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, composición do Tribunal Cualificador e datas de celebración do proceso selectivo convocado para a provisión como persoal laboral fixo de unha praza denominada Técnico/a de Servizos Xerais correspondente ás prazas de estabilización de emprego temporal de longa duración do Concello de Oourol, e incluída na oferta de emprego pública extraordinaria da Lei 20/2021.

Visto que en data 06/02/2024 ditouse pola Alcaldía resolución nº 2024-0039 de aprobación da listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas ao respecto do proceso selectivo convocado para o ingreso como persoal laboral fixo de unha praza de TÉCNICO/A DE SERVIZOS XERAIS, grupo/subgrupo C/C2, polo sistema de concurso, incluída na oferta extraordinaria de emprego público (OEP) do Concello de Oourol para o ano 2022 para a estabilización de emprego temporal, publicándose no BOP de Lugo nº 037 de 14/02/2024, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Oourol.

Visto que durante o prazo de cinco (5) días hábiles para a presentación de alegacións á listaxe provisional e emenda de defectos non se presentou ningunha alegación, de conformidade co establecido na base 7ª das bases xerais que regulan o proceso selectivo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo convocado para o ingreso como persoal laboral fixo de unha praza de TÉCNICO/A DE SERVIZOS XERAIS:

A.- PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:

Apelidos e Nome	DNI	Proba de Galego
García Cortiñas Benjamín Francisco	***3754**	EXENTO

B.- PERSOAS ASPIRANTES EXCLUÍDAS: Ninguén.

Segundo.- Designar ás persoas que formarán parte do Tribunal Cualificador que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTE:

Titular: Dona Pilar Ferreiro Martínez, técnica de xestión da Sección de Administración de RRHH da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Emilio Silva Otero, asesor técnico no Servizo de RRHH e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

VOGAIS:

Titular: Don Julián Mayor Couceiro, xefe Unidade Mantemento e Conservación da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Nahum Reija Iglesias, oficial electricista na Unidade de Mantemento e Conservación da Deputación de Lugo.

Titular: Don Nicolás Fariña Vereá, enxeñeiro informático, adxunto xefe Servizo Comunicación e TICs, na Sección de Novas Tecnoloxías da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Diego Rodríguez Albardonado, enxeñeiro técnico de telecomunicacións da Sección de Novas Tecnoloxías da Deputación de Lugo.

Titular: Don Pablo Parga Lanzós, enxeñeiro técnico industrial da Axencia Provincial da Enerxía da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Juan Manuel Pardo Díaz, responsable coordinador Equipo Técnico do Equipo Técnico do Centro de Produción Audiovisual do Servizo de Audiovisuais da Deputación de Lugo.

SECRETARIO/A:

Titular: Don José Ferreiro Fernández, tesoureiro da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Montserrat Conde López, secretaria - interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

COLABORADORA:

Dona Ana Losada Real, xefa da Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo no Servizo de Recursos Humanos e Asistencia Concellos da Deputación de Lugo ou Dona Ana Pereira Marzán, responsable coordinadora de procesos selectivos da Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

Terceiro.- Citar ás persoas que forman parte do Tribunal Cualificador para que comparezan o día 11 de xuño de 2024 ás 11:00 horas nas Aulas de Formación da Deputación de Lugo para a súa constitución e posterior valoración de méritos das persoas aspirantes admitidas.

Cuarto.- Publicar esta Resolución mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) e no taboleiro de anuncios e sede electrónica do Concello de Ourense.

Quinto.- Contra a resolución da Alcaldía, aprobando a lista definitiva, poderase interpoñer, alternativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso administrativo de Lugo no prazo de dous meses, segundo os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición contencioso-administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio. Todo isto, sen prexuízo de que os/as interesados/as poidan interpor calquera outro recurso que estimen oportuno.

Ourense, 5 de xuño de 2024.- O Alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 1634

Anuncio

LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS DO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO COMO PERSOAL LABORAL FIXO DE UNHA PRAZA DENOMINADA AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL / TÉCNICO DE EMPREGO CORRESPONDENTE ÁS PRAZAS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN DO CONCELLO DE OURENSE, E INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DA LEI 20/2021.

Por Decreto de Alcaldía nº 2024-0165 de data de 05/06/2024 apróbbase a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, composición do Tribunal Cualificador e datas de celebración do proceso selectivo convocado para a provisión como persoal laboral fixo de unha praza denominada Axente de Emprego e

Desenvolvemento Local correspondente ás prazas de estabilización de emprego temporal de longa duración do Concello de Oourol, e incluída na oferta de emprego pública extraordinaria da Lei 20/2021:

Visto que en data 06/02/2024 ditouse pola Alcaldía resolución nº 2024-0046 de aprobación da listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas ao respecto do proceso selectivo convocado para o ingreso como persoal laboral fixo de unha praza de AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL / TÉCNICO DE EMPREGO, grupo/subgrupo A/A2, polo sistema de concurso, incluída na oferta extraordinaria de emprego público (OEP) do Concello de Oourol para o ano 2022 para a estabilización de emprego temporal, publicándose no BOP de Lugo nº 037 de 14/02/2024, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Oourol.

Visto que durante o prazo de cinco (5) días hábiles para a presentación de alegacións á listaxe provisional e emenda de defectos as aspirantes Dona Eva María Calvo Torquemada e Dona Isabel Rejes Canoura presentaron alegacións, de conformidade co establecido na base 7ª das bases xerais que regulan o proceso selectivo.

Tendo en conta que se revisaron de oficio as instancias presentadas nos rexistros que menciona o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP, co fin de comprobar os documentos orixinais ou copias auténticas que foron verificadas por ditos rexistros.

Vista a base xeral 7ª que sinala “ADMISIÓN DE ASPIRANTES (...) No suposto de producirse reclamacións deberá ditarse unha nova resolución estimándoas ou desestimándoas coa publicación da lista definitiva no Boletín Oficial de Provincia, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do concello de Oourol”

Vista toda a documentación aportada polas aspirantes excluídas para a subsanación de méritos.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo convocado para o ingreso como persoal laboral fixo de unha praza de AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL / TÉCNICO DE EMPREGO:

A.- PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:

Apelidos e Nome	DNI	Proba de Galego
Calvo Torquemada Eva María	***7808**	EXENTA
Ramudo Otero Juan José	***6994**	EXENTA
Rejes Canoura Isabel	***9463**	EXENTA

B.- PERSOAS ASPIRANTES EXCLUÍDAS: Ninguén.

Segundo.- Designar ás persoas que formarán parte do Tribunal Cualificador que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTE:

Titular: Dona Pilar Ferreiro Martínez, técnica de xestión da Sección de Administración de RRHH da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Emilio Silva Otero, asesor técnico no Servizo de RRHH e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

VOGAIS:

Titular: Dona Julia Vázquez Silvarrey, xefa da Sección de Promoción Económica e Emprego da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Vanesa Vilela Gómez, axente de emprego e desenvolvemento local na Sección de Promoción Económica e Emprego da Deputación de Lugo.

Titular: Dona Carmen Lage Fernández, técnica de administración xeral – axente de emprego e desenvolvemento local no Departamento de Fondos Europeos na Sección de Innovación e Participación Cidadá da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Antonio Arias Lombardero, xefe da Sección de Innovación e Participación Cidadá da Deputación de Lugo.

Titular: Don Sergio Castiñeira López, responsable coordinador xestión tributaria concellos-informática recadación na Sección de Informática e Recadación da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Delia López Rodríguez, xefa da Sección de Actas e Asuntos Xerais da Deputación de Lugo.

SECRETARIO/A:

Titular: Don José Ferreiro Fernández, tesoureiro da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Montserrat Conde López, secretaria - interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

COLABORADORA:

